

Crítica construtiva

Como en cada número de Xornalouro, tamén para este Número 31 solicitamos as opiniós dos alumnos sobre os defecitos e fallos que se observan no noso Instituto, con miras á súa posible corrección no futuro. Resumímosvos a continuación as principais queixas presentadas polo alumnado:

- Necesidade de que haxa Cafeteria no Instituto. É, con moito, a queixa máis importante presentada polos alumnos. Hai xa un par de anos que a nosa Cafeteria pechou: non resulta rendible explotala, posto que dá poucas ganancias ó diminuir tanto o alumnado. A verdade é que non viría mal tela, pero as condicións legais que se esixen para a mesma non permiten, de momento, que algúen a atenda. É unha mágoa.

- Que se abran os baños de arriba. Os alumnos dispoñen duns baños na planta baixa do Instituto e doutros na primeira planta. Os da primeira planta levan pechados hai varios anos debido a certos actos de vandalismo que ocasionaron neles diversos danos, posto que estes baños do piso superior, ó estaren lonxe dos despachos e de Consellería, non dispúñan da adecuada vixilancia. Os alumnos do centro acoden, sempre que o necesitan, ós baños da planta baixa, nos que si se pode saber se alguén pro-

duce estragos. O único problema que este sistema supón é as poucas ganas de baixar e volver subir as escaleiras cando se quere ir ó baño, pero nada máis. A ver se no futuro esta situación atopa mellor amanño.

- Máis recreo e menos clases. Tamén hai varios alumnos que esixen isto. Unha esixencia moi comprensible, posto que a todos nos gusta a diversión e escapamos o que podemos do traballo, pero que na práctica é difícil de conseguir, posto que os horarios son os horarios, a lei di as horas que hai que estar estudiando, e iso non se pode cambiar.

- Ter algúna excusión de varios días. Ós rapaces gústanllas as excusións, e non só por ver lugares, senón pola convivencia e a diversión en grupo que supoñen. No pasado Curso 2009-2010 fixéronse varias saídas do centro, pero esas saídas non supuxeron facer noite fóra do Val. Os alumnos piden iso: poder dormir fóra para estar máis tempo xuntos e divertirse máis. De todos modos, temos que comprender que todas as excusións supoñen un certo problema e son difíciles de organizar.

- Que os alumnos poidan estar dentro no recreo. Esta suestión supone que é durante os días de inverno, nos que fai frío, posto que cando fai bo tempo esta-

se mellor fóra. De todos modos, esta reclamación non está moi ben fundamentada, posto que durante os recreos todos os alumnos que o desexen están na Biblioteca, nos corredores, etc., de maneira que a prohibición de estar dentro non existe.

Outras reclamacións que presentan os alumnos con menos presenza son as seguintes: que haxa outra mesa de ping pong no patio; que todos os alumnos do centro teñan excusións, e non só os que vaian a Francia; que non se castigue a un grupo cando a culpa é dun só; que se poida traer o móbil ó Instituto e andar con el na clase; poder andar durante o recreo polo camiño que hai detrás do polideportivo; que non se poñan tantos castigos; que se deixe mirar máis o Twenti e o Facebook; que os alumnos de 4º tamén poidan ter acampada a final do curso, como os de 3º; que se pinte o Instituto dunhas cores más bonitas; que haxa profesor especialista en Sociais para 3º e 4º; que se faga unha pista de tenis; que os baños ás veces non funcionan; que os profes que fan gardas nas clases non deixan xogar ás cartas; que debera haber ambientador e xabón nos baños.

Documento: "Contrato de maestras de 1923"

A continuación reproducimos un interesante documento do ano 1923, no que se citan as condicións que debe reunir unha mestra nese ano nunha escola de Cuenca para poder dar clases. Parécenos interesante presentalo aquí porque léndoo dámounos conta do moito que cambiaron os tempos dende entón. E menos mal. O documento di así:

*Este es el acuerdo entre la señorita _____, maestra, y el Consejo de Educación de la Escuela _____ por la cual la señorita acuerda impartir clases durante un período de ocho meses a partir del _____ de septiembre de 1923. El Consejo de Educación acuerda pagar a la señorita _____ la cantidad de (*75) mensuales.*

La señorita _____ acuerda:

1. No casarse. Este contrato queda automáticamente anulado y sin efecto si la maestra se casa.

2. No andar en compañía de hombres.

3. Estar en su casa entre las 8:00 de la tarde y las 6:00 de la mañana, a menos que sea atender en función escolar.

4. No pasearse por heladerías del centro de la ciudad.

5. No abandonar la ciudad bajo ningún concepto sin permiso del presidente del Consejo de Delegados.

6. No fumar cigarrillos. Este contrato quedará automáticamente anulado y sin efecto si se encontrara a la maestra fumando.

7. No beber cerveza, vino ni whisky. Este contrato quedará automáticamente anulado y sin efecto si se encuentra la maestra bebiendo cerveza, vino o whisky.

ky.

8. No viajar en coche o automóvil con ningún hombre, excepto su hermano o su padre.

9. No vestir ropas de colores brillantes.

10. No teñirse el pelo.

11. Usar al menos dos enaguas.

12. No usar vestidos que queden a más de cinco centímetros por encima de los tobillos.

13. Mantener limpia el aula: a) Barrer el suelo al menos una vez al día. b) freigar el suelo del aula al menos una vez por semana con agua caliente. C) Limpiar la pizarra al menos una vez al día. d) Encender el fuego a las 7:00, de modo que la habitación esté caliente a las 8:00, cuando lleguen los niños.

14. No usar polvos faciales, no maquillarse ni pintarse los labios.

SOLUCIÓN ÓS PASATEMPOS DO NÚMERO 30 DE XORNALOURO

- ENCRUCILLADO, de Sara Bouso: 1. Habitante. 2. Herba. 3. Domicilio. 4. Mel. 5. Radio. 6. Louza. 7. Toupa. 8. Estrada. 9. Candil. 10. Computadora. PALABRA VERTICAL RESULTANTE: Hemeroteca.
 SOPA DE LETRAS, de Arturo Mon: El Progreso, La Voz, El País, El Mundo, As, ABC, Marca, La Razón.
 SOPA DE LETRAS, de Adrián Cao: Chus, Eufemia, Belén, Paz, Aurora, Pilar, Yolanda, Patricia, Susi, María.
 SOPA DE LETRAS, de Xulia Manín: Castelán, Relixión, Galego, Sociais, Matemáticas, Ximnasia.